

# CÓDIGO

*de boas prácticas da Escola  
Internacional de Doutoramento  
da Universidade de Vigo*

2026





## CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

(Aprobado polo Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento  
(EIDO) da Universidade de Vigo o 11/12/2025)

### 1. Introducción

A guía de boas prácticas para a dirección de teses de doutoramento, aprobada pola Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento (Eido) na sesión do 20/05/2016 recollía o amplo consenso da comunidade científica internacional con respecto aos contidos deste tipo de guías no eido dos estudos de doutoramento; entre eles, a mellora da calidade da investigación científica, a tutela dos intereses lexítimos das persoas investigadoras e a prevención de problemas de integridade da investigación.

Os avances realizados neste ámbito e a experiencia dos últimos anos son os que motivan a introdución dunha serie de cambios que redundarán, sen dúbida, nunha mellora das condicións nas que as persoas doutorandas desenvolven os seus estudos.

En primeiro lugar, a Comisión Europea publicou en 2005 a Carta Europea para o Persoal Investigador e o Código de Conduta para a Contratación de Investigadores<sup>1</sup>. Os dous documentos constitúen un marco de traballo tanto para o persoal investigador como para os contratantes, incentivando a actuación responsable no eido da investigación e o establecemento de sistemas de desenvolvemento profesional en todas as etapas de súa carreira, independentemente da súa situación contractual e do ámbito elixido.

En 2023, a Comisión Europea actualizou ambos documentos integrándoos nun só, a Carta Europea do Persoal Investigador<sup>2</sup>, mantendo os estándares orixinais (liberdade da investigación científica, libre circulación de persoal investigador e de coñecemento, selección e contratación abertas e transparentes, condicións e prácticas de traballo axeitadas) pero cunha maior orientación a temáticas tales como a ciencia aberta e a reforma da avaliación da investigación, a sostibilidade, a integridade científica, a garantía da diversidade do persoal de investigación, incluíndo persoal técnico e de xestión da investigación, e dos itinerarios profesionais, e o fortalecemento dos mecanismos de soporte aos perfís investigadores nas súas etapas temperás de formación –R1 ou formación pre-doutoral e R2 ou formación post-doutoral-, en particular a supervisión e a mentoría.

---

<sup>1</sup> Comisión Europea, Dirección General de Investigación e Innovación, *Carta europea del investigador: código de conducta para la contratación de investigadores*, Oficina de Publicaciones de la Unión Europea, 2005. Consultado en

[https://euraxess.ec.europa.eu/sites/default/files/brochures/eur\\_21620\\_es-en.pdf](https://euraxess.ec.europa.eu/sites/default/files/brochures/eur_21620_es-en.pdf)

<sup>2</sup> Comisión Europea, Dirección General de Investigación e Innovación, *Carta europea del investigador*: Oficina de Publicaciones de la Unión Europea. Consultado en <https://euraxess.ec.europa.eu/hrexcellenceaward/european-charter-researchers>

En consonancia coas recomendacións europeas, e tendo en conta o papel da Eido na supervisión e seguimento das actividades doutorais, é conveniente establecer un conxunto de boas prácticas que recollan a singular dualidade do estudantado de doutoramento. O seu recoñecemento como estudante lévanos a incorporar neste código diversas pautas de asesoramento para a súa integración nos programas de doutoramento e a consecución das correspondentes competencias académicas; por outra banda, como persoal investigador en formación, as persoas doutorandas teñen unha participación activa na xeración de coñecemento orixinal mediante a investigación. O presente Código de Boas Prácticas recoñece esta dobre dimensión aliñándose tamén cos requisitos establecidos na lexislación nacional (Ley 14/2011 de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación<sup>3</sup>, Real decreto 103/2019 Estatuto del Personal Investigador Predoctoral en Formación<sup>4</sup>, Estatuto del Estudiante Universitario<sup>5</sup>) establecendo principios que promoven unha formación integral, rigurosa e ética, orientada ao desenvolvemento dunha carreira investigadora de excelencia.

O desenvolvemento acelerado de tecnoloxías emerxentes esixen unha actualización do marco normativo e deontolóxico que regula a actividade investigadora. Neste sentido, o enfoque contemplado neste código reflicte a evolución necesaria cara a unha ciencia máis ética, responsable e aliñada cos valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sostible.

A incorporación de ferramentas de intelixencia artificial (IA) no campo da investigación experimentou un gran desenvolvemento, en particular ao longo do último ano. O impacto no ámbito da investigación das últimas ferramentas de IA como motores de procura e ferramentas de *machine learning* para revisión sistemática e xeneración de modelos é profundo e ten a capacidade da retroalimentación continua. Así pois, o seu emprego ten indubidables vantaxes ao ofrecer capacidades avanzadas de análise, automatización e predición. Con todo, han de terse presentes unha serie de limitacións desde o punto de vista ético, social e de respecto aos dereitos humanos. Comprender as limitacións actuais da intelixencia artificial xenerativa, que pode conducir á elaboración de textos nesgados ou inexactos, é esencial na tarefa de preservar a integridade en investigación. O uso da IA en investigación supón, por tanto, múltiples retos para garantir o respecto á autoría orixinal, o recoñecemento das fontes e a prevención do plaxio. O uso de modelos de linguaxe avanzados, ao permitir reformular os contidos orixinais sen o

---

<sup>3</sup> Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades. (2011). Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación. Boletín Oficial del Estado, núm. 131, de 2 de junio de 2011. Consultado en <https://www.boe.es/eli/es/1/2011/06/01/14>

<sup>4</sup> Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades. (2019). Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo, por el que se aprueba el Estatuto del Personal Investigador Predoctoral en Formación. Boletín Oficial del Estado, núm. 64, de 15 de marzo de 2019. Consultado en <https://www.boe.es/eli/es/rd/2019/03/01/103>

<sup>5</sup> Ministerio de Educación. (2010). Real Decreto 1791/2010, de 30 de diciembre, por el que se aprueba el Estatuto del Estudiante Universitario. Boletín Oficial del Estado, núm. 318, de 31 de diciembre de 2010. Consultado en <https://www.boe.es/eli/es/rd/2010/12/30/1791>

debido recoñecemento pode chegar a eludir a detección de fraude académica cando se aplican ferramentas baseadas na verificación de similitude dos traballos.

Ao longo dos últimos anos produciuse tamén un cambio de paradigma nas actividades de investigación en relación á difusión e medición do rendemento investigador. Neste sentido a Estratexia Nacional de Ciencia Aberta (ENCA) para o período de 2023-2027 recolle todos os compromisos relativos á ciencia aberta adoptados por distintos axentes públicos do sistema, promovendo unha ciencia de acceso gratuíto e libre, que garanta a reproducibilidade das investigacións, colaborativa, revisada por pares en aberto e feita con e para a sociedade, pero a ciencia aberta tamén pode alimentar comportamentos fraudulentos ou depredadores no ámbito editorial que poden poñer en risco a integridade investigadora.

A necesidade dunha guía destas características está recollida no artigo 9.8, do RD 99/2011, de 28 de xaneiro, modificado polo RD 576/2023 do 4 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento e no artigo 10 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo. Tamén, a REACU, nas Directrices e Orientacións para a acreditación institucional de centros que imparten programas de doutoramento (2023), sinala a necesidade de que as escolas de doutoramento contén cun código de boas prácticas no que todas as persoas integrantes subscriban o seu compromiso.

O Código de Boas Prácticas representa o compromiso da EIDO para progresar no aliñamento da nosa estratexia cos principios desenvolvidos a través do programa *HR Excellence in Research*, en particular no referente ás persoas investigadoras na súa fase inicial (R1). Este código, ademáis, está aliñado coas *Marie Skłodowska-Curie Actions – Supervision Guidelines* (Comisión Europea, 2025)<sup>6</sup>.

Por todo o anterior, para adaptar e actualizar os contidos do documento, a Comisión Permanente da Eido, na súa reunión de novembro de 2025, e a proposta da Comisión de Calidade, acordou aprobar o presente Código de Boas Prácticas. Os contidos deste código serán revisados periodicamente para adaptalo aos usos actualizados e á evolución normativa.

## 2. Alcance e obxectivos

O propósito deste código é axudar a establecer unha serie de principios e esixencias xerais que sexan asumidas polas partes involucradas na investigación: estudantes dos programas de doutoramento, directores/as, titores/as, membros dos programas de doutoramento e persoal de administración e servizos. Préstase especial atención a que o persoal en formación adquira estas boas prácticas desde os estadios iniciais da súa traxectoria profesional. Pretende ser o instrumento que garanta as adecuadas relacións entre a persoa doutoranda, os responsables da súa formación e a propia institución universitaria, co

---

<sup>6</sup> *Marie Skłodowska-Curie Actions – Supervision Guidelines* (Comisión Europea, 2025. Consultado en <https://marie-sklodowska-curie-actions.ec.europa.eu/about-msca/msca-guidelines-on-supervision>)

obxectivo de alcanzar unha investigación de calidade e eticamente correcta durante a planificación, desenvolvemento e comunicación da actividade investigadora. A Eido aposta pola creación dunha contorna que recoñeza e apoie a excelencia investigadora tanto mediante a valoración e apoio ás persoas, como mediante a creación dunha cultura de colaboración. O documento recolle a experiencia na formación, supervisión, titoría e aprendizaxe do persoal investigador da EIDO e doutras universidades nas diferentes áreas de coñecemento. A proposta está sustentada na liberdade de investigación, con independencia de intereses ideolóxicos, económicos ou políticos.

O Código de Boas Prácticas en Doutoramento debe ser considerado como un instrumento complementario e non substitutivo das normas legais existentes pois en caso de discrepancia debe prevalecer o establecido nelas. O persoal investigador debe adherirse ás prácticas éticas recoñecidas e aos principios éticos fundamentais apropiados a súa(s) disciplina(s), así como ás normas de boas prácticas en investigación documentadas nos diferentes códigos éticos nacionais, sectoriais ou institucionais.

O código aplicarase a todos os programas de doutoramento da Universidade de Vigo, xa sexan propios ou interuniversitarios, á condición de que, nestes últimos, se respecte fielmente o convenio de colaboración entre as distintas institucións e o código de boas prácticas das universidades participantes, todo iso sen prexuízo de que algún destes programas poida definir a súa propia guía, que estenda ou amplíe o presente documento, de acordo coas características ou necesidades particulares de cada programa de doutoramento.

Os obxectivos xerais son:

- Fomentar a mellora da calidade na investigación científica.
- Establecer os mecanismos para garantir a honestidade, o rigor e a responsabilidade na investigación.
- Establecer as posibles limitacións á liberdade de investigación derivadas das circunstancias da investigación.
- Impulsar a capacitación dos futuros doutorandos/as en competencias sociais e atitudinais.
- Contribuír ao bo funcionamento no desenvolvemento de prácticas formativas e/ou investigadoras.
- Desenvolver unha actividade científica vinculada ao desenvolvemento da tese de doutoramento que teña presente a ética profesional e as relacións sociais.
- Promover o desenvolvemento persoal e profesional de todos os axentes implicados na formación doutoral.
- Favorecer a comunicación entre os axentes implicados na titorización e dirección de tese, incrementando o uso de canles internas de comunicación.
- Propiciar o desenvolvemento de mecanismos ou estratexias de resolución de conflitos no seo dos programas de doutoramento.

### 3. Estrutura

A código estrutúrase en tres grandes apartados. No primeiro deles preséntanse os valores e principios básicos da investigación. No segundo inclúense as recomendacións xerais diferenciadas en función dos axentes implicados no devandito proceso. No terceiro móstrase o procedemento cara á resolución de conflitos durante a elaboración e defensa da tese de doutoramento.

### 4. Valores e principios básicos de la investigación

Aínda que o documento Boas Prácticas en Investigación da Universidade de Vigo recolle os valores que deben estar presentes en todas as fases da actividade investigadora, o doutoramento ten características e riscos específicos (procesos formativos de longa duración, relacións de poder prolongadas, intensa dependencia académica e emocional do doutorando e labores de supervisión) que implican responsabilidades éticas singulares. Considérase por tanto necesario trasladar os principios xerais ao nivel operativo e pedagóxico que require a formación como investigador/a da persoa doutoranda.

#### 4.1. Liberdade de investigación

A universidade de Vigo fundamenta a súa actuación nos principios de liberdade de cátedra, de investigación e de estudo, de interdisciplinaridade, pluralismo ideolóxico e participación.

O principio de liberdade refírese tanto á elección como ao desenvolvemento da investigación, pero queda limitado tanto pola lexislación vixente como polos principios éticos recoñecidos. Na súa labor de supervisión e orientación tanto directores/as como titores/as de tese deben admitir, ademais, posibles limitacións destas liberdades derivadas de determinadas circunstancias de investigación, ben sexa por razóns orzamentarias como de infraestruturas ou por razóns de protección da propiedade intelectual ou protección de datos. Tales limitacións non deben con todo, contravir as prácticas e os principios éticos recoñecidos, que os investigadores están obrigados a observar.

En especial, nos campos da investigación con seres humanos, investigación con animais e investigación con axentes biolóxicos ou organismos modificados xenéticamente, no proceso investigador deberán respectarse tres principios básicos considerados na Declaración de Helsinki e no informe de Belmont: respecto polas persoas, beneficio e xustiza. O primeiro destes principios inclúe o recoñecemento da dignidade, a autonomía e o dereito a tomar decisións informadas e a necesidade de obter o consentimento informado. A investigación debe buscar, doutra banda, o beneficio dos participantes e da sociedade, minimizando os riscos e obrigando a non causar dano innecesario. Por último, segundo o principio de xustiza deberá asegurarse unha distribución equitativa entre beneficios e cargas da investigación, garantindo que ningún grupo sexa inxustamente favorecido ou explotado.

Na investigación, 1) priorizárase, no seu caso, o benestar do participante sobre os intereses da ciencia ou da sociedade, 2) respectarase o principio de transparencia, difundindo os resultados aínda no caso de que estes non sexan favorables e 3) contarase co informe favorable do comité de ética da Universidade e da Xunta de Galicia. No relativo á especial protección das persoas vulnerables e a regulación do uso de mostras biolóxicas e datos persoais con fins científicos atenderase ao establecido na Ley Española de biomedicina<sup>7</sup>.

O documento Recomendacións Éticas na Investigación na Universidade de Vigo, aprobado pola Vicerreitoría de Investigación e Transferencia inclúe os requisitos específicos que deben contemplar os traballos de investigación con seres humanos, con animais e con axentes biolóxicos ou organismos modificados xenéticamente.

A Universidade de Vigo conta cun Comité de ética na investigación (CETIC) que, entre outras funcións, vela polo cumprimento das boas prácticas en investigación e en experimentación. O CETIC dispón, para un mellor desenvolvemento das súas competencias, de tres comités independentes: o Comité de xestión de riscos biolóxicos (CGRB), o Comité de ética de experimentación animal (CEEA/OH) e o Comité de ética para a investigación con seres humanos e medio ambiente (CEISHMA). O primeiro comité, o CGRB, nace do compromiso da Universidade de Vigo de identificar, avaliar e prever ou reducir os efectos adversos asociados á investigación con axentes biolóxicos coa finalidade de garantir o uso correcto das instalacións ante os traballadores e traballadoras, a sociedade, o medio ambiente e as administracións. O CEEA ten como finalidade garantir a máxima preservación posible do benestar dos animais incluídos en proxectos de investigación. O CEISHMA é o responsable da avaliación dos aspectos éticos da investigación realizada na universidade de Vigo con fins científicos que implique seres humanos ou o medio ambiente, así como da obtención e do tratamento de datos persoais que podían afectar dereitos fundamentais, conforme á lexislación vixente.

#### 4.2. Honestidade

A honestidade é un pilar fundamental da investigación ética e constitúe a base sobre a cal se constrúe a confianza na comunidade científica e na sociedade. Este principio esixe que os investigadores actúen con transparencia, integridade e rigor en todas as etapas do proceso científico, desde o deseño experimental ata a difusión dos resultados. O investigador debe manter unha actitude activa de respecto á propiedade intelectual, ó uso responsable das fontes e á correcta citación, como elementos esenciais para evitar a práctica inaceptable do plaxio. Neste sentido debe velarse para que a tese de doutoramento consista nun traballo orixinal de investigación e para que no seu proceso de elaboración se garanta a veracidade na presentación de datos e unha adecuada citación de fontes evitando a manipulación da información ou calquera outra práctica que comprometa a integridade do proceso de investigación.

---

<sup>7</sup> Ley 14/2007, de 3 de julio, de Investigación Biomédica. Boletín Oficial del Estado, núm. 159, de 4 de julio de 2007, páginas 28826 a 28848. <https://www.boe.es/eli/es/l/2007/07/03/14/con>

A Eido, como parte integrante da Universidade de Vigo, fai seu o compromiso da comunidade científica de denunciar e combater o fraude. Todos os seus membros: persoal docente e investigador, persoas doutorandas, persoal adscrito aos servizos administrativos que xestionan os estudos de doutoramento e membros do equipo de dirección, teñen a obriga de notificar ás autoridades universitarias calquera caso de fraude que chegue ao seu coñecemento. Ante a notificación dun caso de fraude, a dirección da escola actuará de maneira inmediata iniciando un proceso de verificación dos feitos mediante a recompilación de información relevante e escoita das partes implicadas. Garantindo a confidencialidade do proceso, a dirección da Eido nomeará unha comisión de seguimento e informará da situación ao Reitor, documentando o procedemento seguido e, no seu caso, promovendo accións preventivas para evitar a reincidencia.

A promoción da ciencia aberta, coa súa aposta pola accesibilidade, a colaboración e a reutilización de datos, tamén require unha práctica honesta e rigorosa. A mala praxe, como a manipulación selectiva de datos ou a publicación fragmentada e redundante, pode socavar os beneficios da apertura científica e afectar a reproducibilidade e validez dos achados. Por iso, o persoal investigador debe comprometerse cunha xestión ética e responsable dos datos e materiais, así como cunha comunicación clara e completa dos seus resultados. O persoal investigador deberá ser especialmente escrupuloso no respecto da propiedade intelectual, facendo sempre mención expresa da investigación realizada por outras persoas

#### 4.3. Responsabilidade

O principio de responsabilidade na investigación implica un compromiso ético integral que transcende a mera execución técnica do traballo científico. O persoal investigador en formación debe ser consciente do impacto potencial do seu labor sobre a sociedade, o medio ambiente e os propios suxeitos de estudo, actuando sempre con dilixencia, respecto e sensibilidade cara a estes factores.

A responsabilidade abarca a adopción de boas prácticas que aseguren a calidade, a reproducibilidade e a transparencia dos resultados, así como a xestión adecuada dos recursos e a protección dos dereitos de todas as persoas implicadas. Ademais, implica unha actitude proactiva fronte a posibles riscos éticos, legais ou sociais derivados da investigación, e á disposición para corrixir erros ou deficiencias que poidan xurdir.

En liña co Plan Estratéxico da Universidade de Vigo<sup>8</sup> e coas recomendacións nacionais<sup>9</sup> e internacionais<sup>10</sup>, a implementación dunha estratexia de Ciencia Aberta é unha

---

<sup>8</sup> Plan Estratéxico da Universidade de Vigo. <https://www.uvigo.gal/es/universidad/informacion-institucional/planes-politicas/plan-estrategico>

<sup>9</sup> Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades. (2023). *Estrategia Nacional de Ciencia Abierta (ENCA) 2023–2027*. Madrid: Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades. Consultado en Ministerio de Ciencia e Innovación y Universidades, [https://www.ciencia.gob.es/dam/jcr:c30b29d7-abac-4b31-9156-809927b5ee49/ENCA\\_acc\\_ES.pdf](https://www.ciencia.gob.es/dam/jcr:c30b29d7-abac-4b31-9156-809927b5ee49/ENCA_acc_ES.pdf)

<sup>10</sup> UNESCO. (2021). *Recomendación sobre la Ciencia Abierta*. París: UNESCO. Consultado en [https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000379949\\_spa](https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000379949_spa)

aproximación colaborativa, transparente e accesible á investigación que supón a apertura das publicacións, datos de investigación e metodoloxías, pero tamén expón desafíos que deben abordarse coidadosamente para non comprometer a calidade nin a integridade científica. Entre os riscos máis relevantes destaca a exposición prematura de resultados non validados, que pode dar lugar a interpretacións erróneas, apropiación indebida ou perda de calidade na revisión por pares. Así mesmo, a apertura de datos sensibles (especialmente en investigacións con seres humanos, datos persoais ou patentes en curso) pode entrar en conflito cos principios de confidencialidade, protección de datos e propiedade intelectual. Desde o punto de vista ético, a presión institucional ou académica para publicar en aberto pode conducir a prácticas pouco reflexivas, como o uso de plataformas non fiables, a diseminación sen control de calidade ou a publicación en revistas depredadoras.

Aléntase a que os proxectos de teses integren os principios e metas dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), promovendo unha ciencia comprometida cos grandes desafíos sociais, ambientais e económicos.

O persoal investigador debe seguir en todo momento prácticas de traballo seguras e conformes á lexislación, adoptando as medidas necesarias en materia de saúde e seguridade. No aspecto da seguridade, prestarase especial atención ás indicacións e ferramentas proporcionadas polo Servizo de Prevención de Riscos da universidade e incluíranse protocolos axeitados de seguridade informática (acceso restrinxido e control de acceso a datos sensibles, almacenamento redundante e seguro, protección fronte a *malware*, xestión segura de plataformas colaborativas institucionais, cumprimento da normativa de protección de datos, etc).

No caso de delegar algún aspecto do seu traballo, o persoal investigador debe velar para que a persoa en quen se delega estea capacitada para levar a cabo a tarefa encomendada. Ao mesmo tempo, o persoal investigador deben observar os principios éticos fundamentais e as normas recollidas en diversos códigos deontolóxicos nacionais, sectoriais ou institucionais.

O emprego de ferramentas de intelixencia artificial na investigación, e en particular durante a etapa de formación, expón numerosas oportunidades pero tamén desafíos éticos significativos. Entre os principais riscos asociados ao seu emprego cabe destacar o plaxio e a apropiación indebida, a falta de transparencia e trazabilidade, os sesgos que poden afectar á imparcialidade e a perda de confidencialidade. Por todo iso, o principio de responsabilidade esixe que as persoas doutorandas e supervisoras cumpran as directrices recollidas no apartado 5 deste código.

#### 4.4. Rigor

No contexto doutoral, o rigor non é só unha esixencia metodolóxica ou científica; tamén é unha actitude formativa que implica aprender a ser sistemático, autocrítico e comprometido coa calidade. Os directores e titores deben dotar a persoa doutoranda de ferramentas para desenvolver o rigor na actividade investigadora de xeito progresivo, sendo o rigor tanto un principio como un obxectivo de aprendizaxe ética.

O Plan de Investigación debe incluír unha revisión crítica e actualizada do estado do coñecemento e desenvolverse con solidez metodolóxica, claridade nos obxectivos e coherencia interna. A aplicación deste principio supón tamén unha actitude constante de mellora e revisión do deseño e execución do proxecto. Neste sentido, a supervisión debe fomentar que o plan evolucione de forma crítica e reflexiva, promovendo na persoa doutoranda a asimilación de estándares científicos esixentes desde as primeiras etapas da súa formación investigadora.

#### 4.5. Conflito de interese

No contexto da formación de persoal investigador os conflitos de interese non se limitan aos económicos, senón que tamén inclúen relacións persoais, profesionais, académicas ou xerárquicas que poidan distorsionar as decisións relacionadas coa dirección, ou avaliación da tese. Incluír cláusulas de abstención e recusación nos procesos de avaliación da investigación é fundamental para preservar a imparcialidade, a transparencia e a integridade académica. No ámbito do doutoramento, onde as relacións interpersoais e académicas poden ser estreitas e prolongadas, estas salvagardas adquiren especial relevancia, contribuindo a unha contorna xusta, respectuosa e libre de influencias indebias. Por ese motivo convén destacar o compromiso da Eido en velar polo cumprimento das causas de abstención reflectidas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro nos procesos de avaliación e supervisión da tese, debendo evitarse as situacións de interese persoal, vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, amizade íntima ou inimizade manifesta ou calquera situación que poida cuestionar a imparcialidade do acto de supervisión e avaliación. O doutorando ou calquera outro axente implicado no proceso formativo pode solicitar formalmente a recusación ante a Comisión Académica do Programa de Doutoramento e ante Comisión Permanente da Eido, procedemento que debe documentarse por escrito para garantir a transparencia.

Mecanismos como a emisión dun mínimo de dous informes externos relativos átese e elaborados por persoas doutoras expertas alleas á universidade e ao programa de doutoramento, quen debe estar libre de todo conflito de interese, aseguran a imparcialidade, preveñen o favoritismo e salvagardan a integridade do proceso doutoral.

Doutra banda, convén destacar que cando o persoal investigador actúe en representación da Escola Internacional de Doutoramento ten a obriga de non comprometer a imaxe e credibilidade da institución. No caso de expresar opinións persoais é necesario aclarar inequivocamente que o manifestado non ten por que reflectir os puntos de vista da institución.

A intelixencia artificial ten experimentado un incremento exponencial de investimento nos últimos anos que se viu acompañado polo desenvolvemento de múltiples ferramentas en diferentes ámbitos, en consonancia co seu carácter transversal. O seu emprego non só ten un notable impacto no desenvolvemento tecnolóxico ou económico, senón que afecta directamente ao propio proceso de investigación, posibilitando o procesamento eficiente de grandes cantidades de datos, a identificación de patróns e o establecemento de

modelos, entre outros. A pesar de todas estas contribucións, é importante resaltar que o emprego das ferramentas de IA introduce novos retos desde o punto de vista da ética en investigación, debendo velarse polo cumprimento dos principios reflectidos neste código e o uso transparente destas tecnoloxías de modo que se garanta a achega persoal de cada contribución.

Neste sentido, e en consonancia coas Recomendacións éticas para a investigación en intelixencia artificial do Comité Español de Ética de Investigación<sup>11</sup>, este código recolle diversas recomendacións específicas para os distintos axentes partícipes na formación doutoral.

## 5. Directrices xerais

A calidade da investigación non depende unicamente do rigor metodolóxico ou do cumprimento de normas éticas formais, senón tamén da calidade das relacións humanas que a sustentan. Por iso, recoméndase que todos os axentes implicados na formación doutoral, persoas doutorandas, directores e directoras, titores e titoras, membros dos programas de doutoramento, membros do equipo de dirección, persoal adscrito aos servizos administrativos que xestionan os estudos de doutoramento e outros axentes, recoñezan a importancia das competencias sociais como parte esencial dunha investigación responsable. Fomentar contornas de traballo colaborativas, inclusivas, e baseadas no respecto mutuo e a comunicación construtiva, contribúe non só ao benestar das persoas, senón tamén á excelencia científica e á integridade dos procesos de produción do coñecemento.

No relativo ao desenvolvemento axeitado do proceso de elaboración e defensa da tese de doutoramento, establécense as seguintes directrices:

- Garantir que as tarefas prioritarias do doutorando/a estean relacionadas coa súa tese de doutoramento.
- Propiciar as mellores condicións para a proxección científica futura do/a doutorando/a
- Manter o fluxo de información e actualización en todo o referente aos doutoramentos.
- Resolver, no momento que ocorran, as discrepancias entre os diferentes axentes implicados promovendo o desenvolvemento de accións estratéxicas orientadas cara á mellora.
- Fomentar a formación específica y asesorar en materia de ética dixital, para integrar o uso da IA dentro dun marco de integridade científica y boas prácticas.

---

<sup>11</sup> Recomendaciones éticas para la investigación en inteligencia artificial. Comité Español de Ética de Investigación <https://www.ciencia.gob.es/Ministerio/Mision-y-organizacion/Organismos-consultivos/CEEI.html>

### 5.1. Directrices para o equipo directivo da Eido

A dirección da Escola de Doutoramento desempeña un papel esencial na definición, implementación e seguimento das políticas académicas e éticas que orientan a formación doutoral. O seu labor incide de maneira directa na calidade da contorna investigadora e na cohesión institucional dos programas de doutoramento. O equipo directivo debe fomentar unha cultura institucional baseada nos valores reflectidos neste código, promovendo tanto a formación científica de calidade como o desenvolvemento integral das persoas doutorandas, en consonancia co marco normativo institucional, nacional e internacional.

Estas son as directrices específicas:

- Impulsar e supervisar a implementación efectiva do código de boas prácticas, garantindo a súa difusión e actualización periódica.
- Establecer mecanismos de formación continua en ética, integridade científica, ciencia aberta, ciencia cidadá e outras competencias transversais así como no uso responsable de tecnoloxías emerxentes como a intelixencia artificial.
- Velar pola aplicación coherente dos criterios de calidade, equidade e imparcialidade nos procesos de admisión a trámite e avaliación das teses doutorais.
- Promover a existencia de canles eficaces, confidenciais e seguros para a xestión de conflitos, denuncias de mala praxe ou situacións de acoso, protexendo a integridade de todas as partes implicadas.
- Fomentar a cooperación entre programas de doutoramento e outras unidades universitarias, para garantir a coherencia institucional e o acompañamento adecuado das persoas doutorandas.
- Asegurar a participación activa de representantes do estudantado nos órganos de goberno da Escola, fortalecendo unha cultura de diálogo, corresponsabilidade e mellora continua.
- Apoiar políticas de internacionalización, mobilidade, transferencia de coñecemento e aliñación dos estudos doutorais cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- Garantir a dispoñibilidade de recursos humanos e técnicos suficientes para o correcto desenvolvemento da actividade formativa.
- Velar polo uso ético das ferramentas de IA en investigación.

### 5.2. Directrices para a Comisión Académica do programa de doutoramento (CAPD)

O programa de doutoramento no que se matricula o/a estudante e no que desenvolve a súa investigación desempeña un papel central no apoio e supervisión o seu progreso.

Estas son as directrices específicas:

- Promover unha cultura institucional na que se valore a integración e o desenvolvemento de competencias sociais, como parte de capacitación transversal do persoal investigador.

- Promover, na medida do posible, o emprego de plataformas institucionais abertas para o depósito de datos e publicacións.
- Impulsar, na medida do posible, a creación e a publicación de datos nun sistema FAIR (localizables, accesibles, interoperables e reutilizables) en repositorios de confianza.
- Asegurar que o/a estudante teña acceso aos recursos, ás facilidades e aos equipos axeitados para o desenvolvemento do seu proxecto de tese de doutoramento.
- Actuar como enlace entre o alumnado, os/as directores/as de teses e a EIDO co fin de monitorizar os progresos dos/as estudantes, apoiar aos/ás directores/as de teses e mellorar a experiencia na formación investigadora do/a estudante.
- Dispor de toda a información referente ao programa de doutoramento actualizada na páxina web do programa de doutoramento.
- Garantir a imparcialidade das comisións (CAPD) que avalíen os documentos e procedementos requiridos polo programa (documento de actividades, plans de investigación, avaliacións anuais), respectando en todo caso o compromiso de confidencialidade dos informes e escritos suxeitos á revisión.
- Gardar rexistro das actividades e reunións relevantes (CAPD).
- Correspóndelle ao coordinador/a do programa, xunto coas persoas titoras e directoras de tese velar polo cumprimento das funcións de supervisión recollidas no Compromiso documental de supervisión.
- Promover a declaración responsable do uso de ferramentas de intelixencia artificial.
- Considerar o consumo enerxético e uso doutros recursos, en particular cando se empregan ferramentas de IA, buscando o equilibrio entre a solución achegada e o consumo requirido pola mesma.
- Recomendar acudir a revistas indexadas en repositorios ou bases de datos de calidade, nos que participen expertos de recoñecido prestixio no consello editorial e que realicen un proceso de revisión por pares de calidade.
- Diseñar actividades formativas adecuadas para o correcto desenvolvemento da persoa doutoranda e a adquisición de capacidades científicas e velar polo seu cumprimento.
- Verificar o cumprimento dos requisitos para a aprobación da tese: realización das actividades formativas obrigatorias e achega dos documentos/informes éticos cando sexan necesarios (traballos con humanos, animais, organismos modificados, resgos medioambientais,...), declaración responsable do uso de IA –en caso de ser necesario-, orixinalidade dos datos, gráficos e figuras da tese, custodia de datos, etc.
- Exercer de intermediario/a entre o/a doutorando/a e o/a director/a, intentando mediar nos problemas ou cuestións que poidan xurdir no curso da investigación.

### 5.3. Directrices para o/a director/a da tese

As persoas directoras e titoras desempeñan un papel esencial na formación ética das persoas doutorandas, non só mediante a orientación científica, senón tamén como referentes na transmisión de valores e habilidades sociais. Deben, por tanto, promover contornas de comunicación aberta e de confianza, a facilitar a expresión de inquietudes

ou conflitos, modelar condutas baseadas no respecto, a colaboración e o recoñecemento mutuo. Así mesmo, deben prestar atención ás dinámicas interpersoais dentro dos equipos e actuar con dilixencia e sensibilidade ante posibles situacións problemáticas, favorecendo espazos seguros e formativos no humano, non só no académico.

A supervisión doutoral non se limita unicamente ao seguimento intelectual, formativo e administrativo do proxecto de tese. Tamén implica unha atención consciente ás dimensións persoais que inflúen significativamente no progreso e benestar do doutorando. Unha supervisión responsable debe ter en conta factores como a motivación, a integración no equipo de investigación, favorecendo un acompañamento humano e integral que contribúa á culminación exitosa dos estudos doutorais. Estas son as directrices específicas:

- Exercer como director/a, asesorando en todo o proceso de elaboración da tese de doutoramento:
- · ao comezo da dirección, orientando o plan de investigación, definindo os obxectivos da investigación, aprendizaxe de métodos e técnicas necesarias e actividades de formación dentro do programa de doutoramento ou complementarias, así como o compromiso co rigor e a ética na investigación.
- · durante o proceso de dirección de tese, asesorando e guiando ao/á estudante en materia de investigación e, concretamente, na elaboración da súa tese de doutoramento.
- Aconsellar e guiar ao/á doutorando/a para cumprir as expectativas marcadas ao comezo e no tempo previsto.
- Supervisar o traballo e cumprimento do mesmo por parte do doutorando/a, mediante a interacción persoal de forma regular, dacordo coas necesidades derivadas do desenvolvemento da investigación nas súas distintas fases, e dar resposta ás preguntas e dúbidas do/a doutorando/a nun tempo razoable.
- Supervisar a actividade investigadora do doutorando, asegurando a coherencia e idoneidade das actividades de formación recollidas no Plan de Formación.
- Procurar que a actividade do/a doutorando/a estea basicamente centrada na elaboración da súa tese de doutoramento.
- Garantir que o traballo de investigación do/a doutorando/a é orixinal e cumpre cos requisitos académicos. No caso de que poida haber indicios de plaxio ou de violación dos dereitos de propiedade intelectual, esta circunstancia debe comunicarse á Comisión académica do programa de doutoramento.
- Fomentar a iniciativa da persoa doutoranda, co obxectivo de que alcance autonomía na tarefa investigadora.
- Manter unha responsabilidade activa e crítica sobre como, cando e onde se comparten os resultados, datos e procesos da tese.
- Aproveitar as oportunidades de formación para coñecer os posibles beneficios e riscos da IA, en particular os da IA xenerativa.
- Fomentar o uso transparente das ferramentas de IA no traballo da persoa doutoranda.

- Avaliar criticamente a idoneidade do emprego das ferramentas de IA en cada etapa da formación da persoa doutoranda
- Formular estratexias para identificar e mitigar sesgos derivados do uso de ferramentas de IA.
- Evitar o uso da IA para avaliar o rendemento das persoas investigadoras en formación.
- Revisar o documento de actividades do doutorando/a e asesoralo/a sobre actividades formativas complementarias necesarias para a súa formación, tanto organizadas no marco do seu propio programa como alleas a este.
- Cumprimentar con suficiente antelación á data de entrega a documentación de carácter administrativo que o/a doutorando/a requira para proceder cos seus trámites.
- Emitir o informe para as diferentes avaliacións do/a doutorando/a.
- Propiciar a coordinación co/a titor/a.
- En caso de ausencia prolongada do/a director/a, prever coa debida antelación fórmulas alternativas para garantir a continuidade da supervisión do traballo de investigación.
- No caso de que a dirección recaia en máis dunha persoa, establecer claramente desde o principio quen se ocupará de cada faceta da supervisión, e acordar co doutorando/a o papel de cada codirector/a.
- Fomentar o depósito en aberto de manuscritos e resultados, salvo en casos xustificados (propiedade intelectual, confidencialidade, etc.).
- Contribuír ao debate sobre as oportunidades e os riscos éticos vinculados co emprego de ferramentas de IA na investigación.
- Asesorar sobre a incerteza asociada ao uso de intelixencia artificial en investigación.
- Asesorar sobre o grao de acceso público á información en particular cando se manexen grandes cantidades de datos, a súa sensibilidade, a vulnerabilidade dos posibles afectados e o impacto e consecuencias na investigación.

#### 5.4. Directrices para o/a titor/a da tese

O/A titor/a está concibido/a como unha figura de asesoramento académico e administrativo do/a doutorando/a, co fin de que este/a desenvolva con todas as garantías a súa investigación. Estas son as directrices específicas:

- Coñecer a normativa e as estruturas administrativas da Universidade de Vigo, así como os programas de doutoramento, proxectos ou grupos de investigación que poidan ser relevantes para o/a doutorando/a.
- Asegurarse de que o/a doutorando/a ten a información administrativa e coñece os prazos relevantes para o desenvolvemento óptimo da tese de doutoramento.
- Desde a incorporación do/a estudante ao programa de doutoramento, asesorar e informar sobre o funcionamento do programa, así como sobre as actividades formativas ofrecidas.

- Coñecer as expectativas, preferencias, aptitudes e capacidades do/a doutorando/a co gallo de levar a cabo un labor satisfactorio de orientación.
- Realizar un labor de información, asesoramento e consulta sobre as cuestións administrativas relacionadas co programa de doutoramento.
- Asesorar axeitadamente ao/á doutorando/a para a utilización e aproveitamento satisfactorio dos recursos de investigación dispoñibles, velando pola dispoñibilidade de medios e procedementos adecuados á formación do/a doutorando/a durante o desenvolvemento da tese.
- Cumprimentar con suficiente antelación á data de entrega, a documentación de carácter administrativo que o/a doutorando/a requira para proceder cos seus trámites.

### 5.5. Directrices para o/a estudante de doutoramento

Os/as estudantes de doutoramento deberán levar a cabo un traballo de investigación orixinal baixo a supervisión dun/ha director/a. O produto do seu traballo de investigación, culminado con éxito, será a tese de doutoramento, a cal debe aportar unha contribución substancial ao estado da arte na área de coñecemento correspondente, que poida defender de viva voz fronte a expertos/as. Estas son as directrices específicas:

- Coñecer a normativa de doutoramento e outra documentación de investigación da Universidade, nacional, europea, incluíndo requisitos administrativos, loita contra o plaxio, etc.
- Responsabilizarse da súa propia aprendizaxe no marco da súa liberdade de estudo.
- Asumir, con responsabilidade, a temática de tese seleccionada xa que o seu traballo debe contribuír ao crecemento do corpus de coñecemento científico existente.
- Comprometerse a completar a súa formación de forma continuada a través das actividades incluídas no programa de doutoramento ou outras consensuadas co/a director/a.
- Asegurar a protección de datos persoais e confidenciais, priorizando o emprego infraestruturas seguras y cumprindo coa lexislación vixente.
- Entregar a documentación requirida a nivel administrativo con suficiente previsión e antelación.
- Cumprir cos prazos que estableza o/a director/a (prazos relativos á dirección da tese) e o/a titor/a de tese (prazos administrativos establecidos pola CAPD no que atinxe á entrega do compromiso de supervisión, plan de investigación, documento de actividades, avaliación anual, etc).
- Actuar con dilixencia en todas as tarefas que lle sexan encomendadas en relación co desenvolvemento da súa tese de doutoramento, asumindo as expectativas do/a director/a sobre o seu traballo.
- Participar en forma activa en reunións, seminarios ou outras actividades propostas para a súa formación de doutoramento.
- Favorecer a comunicación regular co/a seu/súa director/a e titor/a de tese, mostrando iniciativa por establecer canles de comunicación eficaces.

- Consultar co/a director/a e titor/a aqueles aspectos académicos e administrativos, respectivamente, que poidan interferir no correcto desenvolvemento da tese.
- Cumprir cos protocolos de elaboración da tese, cun uso honesto das referencias científicas relevantes, traballando con honradez intelectual e seriedade no contraste de citas, no respecto polo traballo alleo, evitando todo tipo de plaxio e apropiacións indebidas, e actuando co máximo respecto pola propiedade intelectual e/ou industrial.
- Cultivar habilidades que favorezan unha práctica investigadora ética, colaborativa e comprometida.
- Identificar e xustificar aqueles obxectivos da Axenda 2030 das Nacións Unidas que se relacionan directa ou indirectamente co contido da tese (se os houberse).
- Consultar coas persoas titoras e directoras de tese a incorporación da IA na súa investigación.
- Usar a IA de forma transparente e ética.
- Documentar rigorosamente o emprego de ferramentas de intelixencia artificial, e cumprimentar e asinar a declaración de uso de IA especificando a súa función (xeración de texto, análise de datos, tradución, xeración de modelos, etc.) garantindo a trazabilidade e a transparencia.
- Validar sempre os resultados xerados pola IA comprobando a súa precisión, especialmente en tarefas como resumir investigacións ou analizar datos.
- Avaliar criticamente a fiabilidade, os sesgos e as limitacións das ferramentas de intelixencia artificial empregadas, especialmente en procesos de análises, clasificación ou síntese de información. As persoas doutorandas deben asegurarse de que o uso da IA non comprometa a integridade, orixinalidade nin a calidade científica dos resultados da súa investigación.
- A redacción substancial dunha tese/manuscrito por parte dunha IA sen unha autoría intelectual e creativa dominante por parte da persoa doutoranda non é admisible.

#### **5.6. Directrices para o persoal adscrito aos servizos administrativos que xestionan os estudos de doutoramento**

O persoal de administración e servizos desempeña un papel esencial no bo funcionamento da Escola e no apoio aos doutorandos, aos programas de doutoramento e ao equipo directivo. O seu labor contribúe a garantir que os procesos administrativos, formativos e de seguimento se realicen con eficacia, transparencia e respecto aos principios éticos que rexen a investigación.. Para as persoas implicadas nas diferentes áreas e servizos fórmulanse as seguintes directrices:

- Facilitar a xestión documental de maneira clara e accesible, asegurando a confidencialidade dos datos persoais e académicos dos doutorandos.
- Proporcionar información precisa e actualizada sobre os procedementos administrativos, requisitos e prazos relacionados coa formación doutoral.

- Colaborar estreitamente cos coordinadores dos programas de doutoramento na xestión da documentación, avaliacións e outros fitos formativos, garantindo a súa correcta comunicación as persoas doutorandas.
- Manter unha actitude profesional, respectuosa e atenta ante as consultas e necesidades do alumnado, promovendo un ambiente inclusivo e libre de discriminación.
- Participar en formacións específicas sobre xestión da calidade, protección de datos, ética na xestión da investigación e atención á diversidade, para mellorar a calidade do servizo.
- Velar pola correcta aplicación dos protocolos de seguridade informática na xestión de datos e sistemas administrativos.
- Colaborar na difusión e cumprimento do código de boas prácticas, apoiando iniciativas de formación e sensibilización en ética e integridade científica.
- Colaborar na difusión dos principios de ciencia aberta.

### 5.7. Directrices para outros axentes implicados

No proceso de formación dun/ha doutorando/a poden actuar profesionais que de forma directa ou indirecta inciden na súa formación. Para as persoas implicadas neste proceso fórmulanse as seguintes Directrices:

- Colaborar na integración do/a doutorando/a no contexto universitario e no seo do programa de doutoramento.
- Colaborar na dispoñibilidade de medios e recursos para o labor que o/a doutorando/a está desenvolvendo.
- Promover relacións cordiais en todo o proceso.
- Asesorar ao/á doutorando/a, na medida posible, en todo o referente ao proceso formativo.

## 6. Resolución de conflitos

Os conflitos nados no seo das relacións humanas deben ser abordados, en primeira instancia, mediante procedementos de carácter informal e, en segundo lugar, con procesos formais naqueles casos onde o primeiro estadio non teña éxito na resolución do conflito. Apostando pola autonomía dos programas de doutoramento para determinar os métodos de resolución de problemas e confiando na súa eficacia para resolver aqueles conflitos que xurdan no seo dos mesmos, fórmulase o seguinte procedemento para a resolución de conflitos.

- Primeiro nivel: A resolución do conflito farase inicialmente no seo do programa de doutoramento, implicando á CAPD neste cometido, a cal pode optar por crear unha comisión delegada específica. Por iso, todo conflito deberá ser formulado inicialmente por escrito ante a persoa coordinadora do programa.
- Segundo nivel: Se o conflito non se puido resolver no primeiro nivel con éxito, será preciso recorrer a instancias superiores. A Comisión permanente da EIDO, en aras

de facilitar a mediación, conciliación e maila arbitrase, como posibles medidas para a resolución dos conflitos, poderá nomear unha comisión delegada específica por conflito. A Comisión permanente dirixirá unha comunicación á CAPD, solicitando información sobre as accións desenvolvidas no primeiro nivel de resolución. A CAPD dispón de 10 días desde a recepción da instancia para emitir resposta á parte solicitante e para completar, se fose o caso, a documentación sobre a reclamación. A Comisión permanente da EIDO dispón de 30 días desde a recepción da comunicación da CAPD para dar resposta ao/á solicitante. As medidas propostas pola Comisión serán de obrigado cumprimento por ambas partes, deixando a responsabilidade da súa aplicación nos membros do litixio.

## **7. Entrada en vigor**

O presente código aplicarase a partir do 1 de febreiro de 2026.



